

OS ÁLVAREZ EN TUI. UN CORAZÓN ABERTO NA VELLA CIDADE

Rafael Sánchez Bargiela

Tui, unha das antigas capitais do reino de Galicia, vivía nos inicios do século XX nunha dinámica nova e certamente esperanzadora. A apertura da ponte internacional de ferro –todo un símbolo de modernidade– no 1886 abría novas expectativas á tradicional vida de fronteira, os serradoiros de madeira dinamizaban o tecido económico –que dende 1907 contaba cunha Cámara de Comercio e Industria– namentres que continuaba conservando o seu carácter de cidade administrativa, comercial e episcopal.

Naqueles anos a dinámica política estaba marcada pola detención de poder que a familia Ordóñez realizaba. Ezequiel Ordóñez e o seu fillo Mariano conservaron as actas de deputados por este distrito do Baixo Miño varias décadas, ata a chegada de Primo de Rivera. O caciquismo ordoñista detentaba pois os resortes do poder na vida municipal, pero agromaban novos sectores con novas dinámicas sociais e políticas. Por unha banda, o movemento agrario prendía con intensidade no campo ao abeiro do problema foral; por outra parte, o novo proletariado urbano atopaba na CNT o seu elemento organizativo. Estes novos sectores políticos reclaman a súa presenza na vida do Concello e favorecen a aparición de grupos de oposición ao ordoñismo, que usarán a prensa local como privilexiado vehículo de opinión. Completaba este panorama un sector, vencellado a certos núcleos clericais e que terá, en diversos períodos, ao xornal *La Integridad* como voceiro, e que podemos definir como herdeiro do vello carlismo ou integrista, e que tivera nalgúns momentos de finais do XIX veleidades galeguistas.

A presenza da familia Álvarez na vella cidade tudense percorre boa parte do século XX. A súa pegada, de xeito directo ou indirecto, está presente en numerosos acontecementos da vida social (no seu máis amplo sentido) de Tui ao longo de moitas décadas. Primeiro coa chegada a Tui do médico Darío Álvarez Limeses, exercendo o seu labor asistencial ao longo de tres décadas, paralelamente ao seu labor periodístico, social e político. Nos anos da República terán xa presenza destacada os seus fillos maiores Darío e Xosé María. A traxedia do seu fusilamento, co seu ronsel de dor pero tamén de esperanza, marcará tamén esta cidade á que abandona fisicamente a familia pero á que nunca esquecerán nese corazón aberto que os Álvarez manteñen en Tui.

Darío Álvarez Limeses foi o segundo fillo de Emilio Álvarez Giménez e Amalia Limeses, e naceu na cidade de Pontevedra o 10 de novembro de 1877. Emilio Álvarez era natural de Puebla de Sanabria (Zamora) e tras cursar a carreira de Filosofía e Letras, obtivo, con apenas vinte e sete anos, a cátedra de Clásicos Latinos y Castellanos no Instituto de Segunda Enseñanza de Pontevedra, onde residirá ata a súa morte. Vencellado

ao Rexurdimento, posúe unha ampla obra xornalística, ensaística e literaria, pero especialmente unha egrexia personalidade de carácter galeguista na Pontevedra finisecular.

O seu primeiro fillo, Xerardo Álvarez Limeses, inspector de Educación, foi poeta (e gañou, por exemplo, en 1925 co poema “Cantando la eterna gloria del Señor” o concurso poético convocado en Tui co gallo do milenario do martirio de San Paio), escribe tanto en galego coma en castelán, autor do tomo dedicado á provincia de Pontevedra da *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Carreras i Candi, xornalista, impulsor de diversas sociedades de carácter cultural, fundador do Museo de Pontevedra, etc. Xerardo Álvarez Limeses, terá unha decisiva influencia na formación de Xosé María Álvarez Blázquez, pois durante os seus estudos en Pontevedra residirá na súa casa e alí coñece a Alexandre Bóveda, casado cunha filla do seu tío, coa súa curmá Amalia.

Darío Álvarez Limeses, pola súa banda, cursa os estudos de Medicina na Facultade de Santiago de Compostela, e licénciase no ano 1901. Ingres posteriormente no Corpo de Médicos Titulares, tras unha dura oposición, con “nota suprema”. No ano 1905 acada a praza de “médico hixienista” creada polo Concello de Tui, sendo designado para ocupar tal posto, con carácter interino e cunha retribución de 500 pesetas, o 20 de decembro daquel mesmo ano. Logo será médico titular do Concello, mantendo a súa consulta privada e mesmo realizando outras funcións profesionais na alfándega tudense, durante algún período temporal.



A familia Álvarez Blázquez. Tomada da páxina web de Celso Alvarez Caccamo, <http://www.udc.es/dep/lx/cac>

Dende a súa chegada a Tui, Álvarez Limeses foi un destacado persoeiro da vida social e política da cidade. A pouco da súa presenza en Tui xa participaba na actividade política tudense aliñándose coa oposición ao réxime ordoñista, ao Partido Conservador. Colaborador en numerosos xornais e revistas, mantendo algunhas sonadas polémicas, entre as que salienta a que o enfrontou, polo traslado do cemiterio tudense, a outra egregia personalidade, o cóengo penitenciario da Catedral, Antonino Cerviño, que co pseudónimo “El espectador curioso”, arremeteu dende o diario *La Integridad* contra Darío Álvarez, que comprobou como este xornal lle negou as súas páxinas e tivo de acollerse ás linotipias da *Correspondencia Gallega* de Pontevedra. Andando os anos foi redactor xefe daquel mesmo diario católico *La Integridad* que abandona para participar na creación e vida do semanario *La Opinión*, xurdido en oposición ao semanario ordoñista *El Aloya* que dirixía Venancio Lorenzo. Neste semanario participaba tamén o médico do Porriño Paz Varela ou o avogado tudense Manuel Cela. Xa nos anos de estudante fora un dos fundadores do *Boletín de Medicina e Cirugía*, e andando os anos foi tamén colaborador doutras publicacións como *La Correspondencia Gallega*, de Pontevedra, *El Venecio* de Tui, *Caza y pesca* ou *España cinegética* de Madrid, *El Pueblo Gallego*, de Vigo, etc.

D. Darío participou moi activamente na vida social tudense sendo, entre outras cousas, promotor do Orfeón da Sociedade Artística, fundador da sociedade de caza La Venatoria, directivo do equipo de fútbol Racing Club, animador de innumerables actos, como, por exemplo, os conmemorativos do milenario do martirio do neno mártir San Paio, impulsor da chegada do teléfono a Tui... e de moitas actividades sociais, culturais e humanitarias.

Mantivo sempre a súa condición de católico. No político era militante de Izquierda Republicana, de Manuel Azaña, e aínda que foi sempre un afervorado republicano non ocupou cargos públicos. Era sempre un destacado participante nas actividades do Centro Republicano tudense, especialmente nas celebracións conmemorativas do 14 de abril.

Esta dimensión pública da súa actividade: compromiso político, divulgación periodística, a súa xenerosa colaboración con numerosas iniciativas de carácter social... foi

unha constante tamén herdada polos seus fillos

Tras o golpe militar do 18 de xullo de 1936 Darío Álvarez Limeses colaborou co Comité de Defensa da República que encabezaba o alcalde, e correligionario seu, Guillermo Vicente de Santiago. Tras a derrota e a seguinte entrada das tropas



Banquete homenaxe a Darío Álvarez Limeses polas súas xestións para a chegada do teléfono a Tui. *Vida Gallega*, 15 de outubro de 1910.

sublevadas o 26 de xullo, foi detido e sufriu un consello de guerra que culminou co seu fusilamento o 30 e outubro de 1936, xunto con outros cinco compañeiros. Unha traxedia que marcará a vida da familia Álvarez.

Darío casou en Tui, o 15 de xuño de 1907, con María Blázquez Ballester que nacera en Cárdenas (Cuba) en 1881, filla do albaceteño Francisco Blázquez Parra e da cubana Ignacia Ballester, e que tras o retorno da familia da illa caribeña pasara a residir na casa duns familiares na cidade de Tui. Tiveron seis fillos: Darío (1910), Celso (1913), Xosé María (1915), Alfonso (1917), Emilio (1919) e Álvaro (1921).

O labor amoroso da súa nai, escribe seu neto Alfonso Álvarez Cáccamo, capaz de dedicarlles horas aos pequenos despois das duras e longas tarefas do fogar, narrándolles, como pan de cada día, contos e historias da súa nenez vividas nas plantacións dos seus avós na lonxana Cuba, a gracia con que debullaba as verbas, o seu sentido intelixente do humor que arrincaba os anacos positivos das vivencias cotiás e as recreaba máxime, estimularon decisivamente no(s) fillo(s) a capacidade de fiar palabras, de relatar feitos, de poetizar a vida nos aspectos que puidesen ser poetizables, e de enfrontarse aos acontecementos, terribles moitas veces, con valentía cando así o cumpría facer.

Velaí as dúas decisivas influencias dos seus pais: a militancia social e a sensibilidade poética que xorde en todos os irmáns Álvarez Blázquez.

DARÍO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O primeiro dos irmáns Álvarez Blázquez nace na nosa cidade o 30 de setembro do ano 1910, tras estudar en Tui e facer o bacharelato por libre examinándose en Pontevedra cursa a carreira de medicina en Santiago, acadando a licenciatura no ano 1932, como médico especialista do aparato circulatorio e do aparato respiratorio. Tras establecerse como médico en Tui, accede a unha praza como tisiólogo por oposición no Patronato Nacional Antituberculoso; dende 1933 a 1936, ocupa a praza de tisiólogo no Centro Secundario de Hixiene Rural da Guarda. Médico con consulta propia en Tui entre 1932-42, asistía tamén a varias comunidades de pobres e colectivos como as Madres Doroteas, Hermanitas do Asilo de Ancianos Desamparados, as Encerradas, etc. Tamén ao pouco de licenciarse foi profesor auxiliar da cátedra de Ciencias Naturais no Instituto de Segunda Enseñanza tudense. Tras a súa marcha a Vigo en 1942, onde logo será médico en Pescanova, mantivo moitos anos a súa consulta tudense. Cómpre lembrar que estaba casado coa tamén tudense Carmiña Gándara e os seus fillos Darío e Alfonso naceron nesta vella cidade.

Dende os anos mozos foi membro do Partido Galeguista e será o promotor da creación da agrupación local tudense, como anuncia o xornal *A Nosa Terra* en varios números da primavera de 1936, aínda que semella que dita agrupación non chegou a concretizarse. Non esqueceu a súa militancia política e en 1947 foi detido na cidade de Vigo xunto a varios profesionais por pertencer a U.I.L. (Unión de Intelectuais Libres), en

1974 funda o Movemento Socialista de Galicia (M.S.G.), fusionado máis tarde co P.S.G. (Partido Socialista Galego), abandonando o partido en 1979.

Darío foi quen sostivo economicamente a familia tras a traxedia do fusilamento do pai e foi sempre o elemento de unión e catalizador de moitas das actividades dos seus irmáns. Foi tamén quen mantivo unha presenza física máis constante en Tui onde tivo consulta moitos anos e casa ata ben andados os anos sesenta.

Tui foi unha constante nos seus anxeos e mesmo nas súas achegas de investigador. Así en 1964 publica o libro *Francisco Sánchez, El escéptico. Un gallego precursor* en que reivindica a orixe tudense deste médico e filósofo do século XVI fronte ás pretensións do seu nacemento nas terras portuguesas de Braga. A este mesmo autor está dedicada a súa tese de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela cualificada con “sobresaliente cum laude” no ano 1960.

Conservou tamén a vocación xornalística do seu pai e colaborou en numerosos periódicos e revistas de Galicia e España: *Galicia Emigrante, El Pueblo Gallego, La Noche, Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Papeles de Son Armadans, Jornal de Noticias*, etc. Finalmente foi autor de dúas novelas en castelán: *El fracaso de Clayton* (1938) –traducida ao galego– e *A las cinco en punto* (1939), asinadas co pseudónimo de Lázaro Evia.

Tras a chegada da democracia publica numerosos traballos sobre a época da guerra civil na nosa bisbarra: sobresaíndo “Historias de la retaguardia nacionalista” que logra o 2º premio nun concurso de relatos convocado pola revista *Historia y vida* no ano 1975, e por aquelas datas publica unha serie de artigos en *La Voz de Galicia*, xornal no que era colaborador habitual, tituladas “Historias de fuxidos” nas que recolle moitas das súas vivencias e experiencias naqueles anos mouros, emocionantes polas traxedias que recolle e pola solidariedade que xorde fronte ao drama da guerra e a represión.

Darío Álvarez Blázquez foi un humanista na amplitude do termo, mantivo toda a súa existencia acesa a súa condición tudense a pesar dos desacougos vividos na vella cidade episcopal, participando en diversas actividades e iniciativas sociais e culturais. Foi pregoeiro das festas patronais de San Telmo no ano 1972 e co gallo desta festividade era un habitual colaborador da prensa diaria con artigos sobre a súa cidade natal.

EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Nado en Tui no 1914, foi estudante de bacharelato no Instituto de Segunda Enseñanza de Tui, cursando neste centro o quinto curso no ano 1935, xunto ao seu irmán Alfonso, logrando a cualificación de “sobresaliente con derecho a matrícula de honor” en “Psicoloxía e lóxica” e en “Fisioloxía e hixiene”. No ano seguinte, ao cursar sexto curso, os alumnos de Ética e Dereito realizan un ciclo de conferencias, que abre Emilio Álvarez Blázquez cunha disertación sobre “Federalismo”.

Emilio naquel Instituto participa xunto co profesor Xesús Ferro Couselo na fundación e vida de *Tude: revista editada por los estudiantes de Bachillerato del Instituto de Tui*,

na que figura como subdirector. Nos tres números desta revista publica diversos traballos: “Camino de Santiago, crónica dunha excursión a Compostela”, “Un apóstol tudense – El P. Salvado, evangelizador de Australia”, “Sobre el concepto de filosofía” e un breve relato en galego titulado “Brétema”.

Instalado en Vigo coa súa familia en 1942, aos cinco anos ocupa o cargo de Chanceler do Consulado do Uruguai ata a súa morte. Impulsor de numerosas iniciativas culturais como a fundación –cos seus irmáns– da editorial Castrelos ou a colección de poesía Salnés, en editorial Galaxia, que dirixía xunto a Celso Emilio Ferreiro e Francisco Fernández del Riego. Habitual colaborador nos medios escritos (*Galicia Emigrante*, *Nordés*, *Alba*, *Logos*, *Numen*, *Grial...*) en numerosas oportunidades empregando o pseudónimo de Ronsel. Moitos destes traballos sobre todo en *Galicia Emigrante* estarán dedicados a Tui e ao Baixo Miño (e aborda temas como a lamprea, o meixón, contos, etc.).

Autor dun poemario co seu irmán Xosé María, *Poemas de ti e de min* (1949) editado na colección Benito Soto, onde figura un belísimo poema dedicado ao rural tudense ou dun espléndido pregón das festas de San Telmo, que acreditan a súa querenza cara á cidade do Miño.



Alumnos de modelado do Instituto co busto de Valle Inclán, no centro o profesor Benito Prieto Cousent. Tomada de <http://www.prietocousent.com/archivos/biografia.html>

ÁLVARO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Nado en 1921, o máis cativo dos irmáns será tamén alumno do Instituto Segunda Enseñanza, creado en 1933 pola II República en Tui, e xa destaca naqueles anos polo seu traballo creativo, sendo un dos alumnos avantaxados do profesor daquel centro, Benito Prieto Cousent, que na súa aula de debuxo leva adiante un significativo labor educativo e cultural. No curso 1934-35, Álvaro, que cursa segundo ano, acada “Sobresaliente con derecho a matrícula de honor” en debuxo. As aulas de modelado e debuxo realizan senlleiras



Casa natal de Xosé María Álvarez Blázquez, no actual Paseo da Corredoira.

obras que chegaron a ser expostas nunha exposición celebrada nos salóns do *Faro de Vigo* na cidade de Vigo na segunda quincena de maio de 1935. Unha mostra que estivo patrocinada pola sociedade viguesa Amigos del Arte, que presidía o artista tudense Eduardo Padín. A súa habelencia na combinación dos vellos deseños do románico galego coas novas sensibilidades do mundo moderno é unha das características deste traballo que logra unha especial proxección exterior, como recolle a revista *Tude*:

Actualmente el profesor y artista D. Benito Prieto Cussent, auxiliado por alguno de sus alumnos, se halla labrando un busto en granito del insigne literato D. Ramón María del Valle Inclán, para ser colocado en Santiago el próximo mes de mayo [de 1936]. Para esta fecha, en uno de los jardines de la Avenida del Instituto, se colocará un busto de Sócrates, también en granito, a cuyo acto se procurará dar el debido realce. Las revistas madrileñas *Crónica* y *Oasis* se han ocupado elogiosamente y con extensión de la labor que el profesor Prieto realiza con sus alumnos.

Unha aprendizaxe que logo lle serviu a Álvaro para promover dende a Serigrafía Galega, fundada en 1971, unha singular achega á difusión da arte contemporánea de Galicia. Pois tamén Álvaro colaborou, dende unha nidia vocación galeguista, na promoción da nosa cultura, especialmente, polo que nos atinxe agora, na súa participación na fundación da editorial Castrelos. Do mesmo xeito, a súa condición de tudense foi sempre mantida con especial orgullo a pesar das tráxicas circunstancias que lle rememoraban a vella cidade miñota.



A casa do Rollo, residencia familiar en Tui.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Finalmente ocupémonos da figura colosal de Xosé María. Grazas á celebración deste ano dedicado a súa memoria, alomenos dende Tui, podemos afirmar que temos recuperado un vello tesouro –coma aqueles dos que fala o Libro de San Ciprián que el editou na colección O Moucho– que lles soaba a moitos tudenses pero que era unicamente un pequeno rumor, unha afastada voz que se ten agrandado de tal xeito co tempo, que podemos afirmar que estamos diante dun dos grandes referentes da cultura tudense.

1.- A SÚA BIOGRAFÍA TUDENSE:

Nunha libretina manuscrita de Darío Álvarez Limeses, que conserva a familia, relátase o nacemento do pequeno Xosé María:

A las ocho de la mañana del día 4 de febrero de 1915, nació mi hijo José María en la casa número 11, piso 1º, de la calle de Elduayen, en la ciudad de Tuy, siendo asistida por mí y estando presente mi madrina Carmen Iglesias. Como sus dos hermanos nació el niño muy robusto y después de lavado quedó dormido hasta las tres de la tarde [...]

Foi inscrito no Rexistro Civil ao día seguinte cos nomes de José María Amalio Gerardo Ignacio e bautizado na Catedral tudense o día 11 de febreiro, foron os seus padriños, o seu tío Gerardo Álvarez Limeses e a súa avoa Amalia Limeses, representada por Carmen Iglesias.

Fica pois confirmado que a data de nacemento foi o 4 de febreiro e non o 5 como se recolle erroneamente en moitas publicacións, e o lugar foi un piso alugado pola familia na rúa Elduayen ou Paseo da Corredoura, onde o pai tiña tamén instalada unha consulta médica, de carácter privado.

Andando os anos Darío Álvarez adquire unha casa no arrabalde do Rollo, na denominada daquela rúa El Pilar, hoxe Irmáns Maristas, núm. 4 que foi xa para todos a casa familiar, a Casa do Rollo. E alí, na planta baixa, instalou o seu consultorio médico. Residían nela, segundo recollen os padróns municipais, o matrimonio e os seus seis fillos, xunto con Carmen Iglesias Torrado, tía paterna, e as serventas Joaquina Morón Seijo e Pilar Sarmiento. Naquela casona e na súa finca transcorre a nenez e a adolescencia de Xosé María e dos seus irmáns, sendo lembrada como o verdadeiro fogar familiar.

Andando os anos, no seu poemario *Sonetos del alba insomne* o propio Xosé María rememora as vivencias vencelladas a esta casa familiar nun sentido poema (do que sacamos o subtítulo deste traballo):

La vieja casa al corazón abierto
aún envía mensajes escondidos;
vienen de noche y andan encogidos,
como gatos sin madre en el huerto.

Todo estaba seguro, todo certo,
era para mis ojos sorprendidos;
olían a membrillo los vestidos
y estaba yo para el amor despierto.

Teníamos un hórreo y una viña,
un pozo oscuro, con el agua quieta,
y un potro galopando la campiña.

Teníamos la paz... ¡Que extraña cosa
tenerla así, minúscula y secreta,
como un ala fugaz de mariposa!

A Casa do Rollo foi o escenario da nenez de Xosé María e dos seus irmáns Emilio, Alfonso e Álvaro. Daquela vida infantil atopamos nas memorias de Camilo José Cela diversos relatos. Cela realizou algunha estadía infantil na casa do seu avó, que estaba situada fronte á dos Álvarez Blázquez.

Frente a la casa de mi abuelo vivían mis amigos José María y Emilito. José María era quince meses mayor que yo, y Emilio, tres años menor. Andábamos siempre juntos y hacíamos, a veces, emocionantes excursiones por los más hondos recovecos de la huerta, en pos del misterioso mundo de las uvas de náparo o en busca de los escondidos tesoros que jamás llegamos a encontrar [...]

Naquel fogar burgués realizaron Xosé María e os seus irmáns a súa formación humana e así sempre o tiveron presente. Emilio Álvarez no epílogo que escribe para o libro *Poesía completa* de Xosé María sinala:

Tivemos tódolos irmáns un aire propicio na casa familiar para endereita-la vida cara ó ameno campo da lectura, cara ó amor dos libros, porque de tradición nos viña ese abano da alma, esa inclinación marcada, sen severidade, senón con gracia e alegría.

O propio Xosé María Álvarez Blázquez nas respostas que dá, en 1936, a un “Inquerito” que lle envía Xosé Filgueira Valverde para a edición dunha “Escolma da lírica galega contemporánea” que preparaba o Seminario de Estudos Galegos para conmemorar o centenario do nacemento de Rosalía de Castro, insiste neste ambiente familiar que o conduciu ao mundo literario:

Meu pai (pontevedrés), periodista, polemista sobre todo; miña nai (cubana) deume un pouco da melancolía das Antillas, e moito do seu amor á poesía. Meu abô paterno, Álvarez Giménez, poeta, meu tío Xerardo tamén. Un tío materno, Alfonso, morto xa tamén poeta nos anos mozos.

Velaí a conciencia dunha longa tradición familiar que os Álvarez Blázquez recibían con conciencia e que ben souberon ao longo da súa vida transmitir ese facho á seguinte xeración.

Xosé María recibe a instrución primaria na escola graduada de Tui, á que andando os anos volverá como mestre. A casa, a escola, o ambiente dunha pequena cidade coma Tui

van conformando a súa personalidade, como reflicte o seu irmán Emilio no xa citado epílogo:

Á hora de sentar á mesa, sempre faltaba Xosé María. Había que chamalo pola horta adiante, pola galería arriba e ás veces saír fóra da casa para recadalo nun camiño, falando cun vello que tomaba o sol como quen toma a derradeira cunca do viño da vida. Xosé María sempre andaba un algo retrasado, por mor dun libro sen rematar de ler, por mor dunha palabra que non atopaba rexistrada, ou –porque toda a curiosidade non lle cabía no peito– por olla-lo despacioso traballiño dunha araña que estaba rematando o seu bordado entre ponla e ponla do camelio [...]

Así non nos pode estrañar a precocidade coa que comen pón versos. Consérvase o que se ten como o seu primeiro poema, “Queixas”, datado en Tui o 24 de decembro de 1927, cando Xosé María contaba con só doce anos de idade. Como ben anota Darío Xohán Cabana, este poema “non pode ser o seu primeiro intento, porque os seus hendecasilabos son absolutamente correctos”. Tamén el mesmo no “Inquérito” escribe: “Lin na miña vida dúas novelas de aventuras, pero en troques dinme enchentas de versos malos na miña nenes. Eu mesmo fixen o primeiro aos 10 anos”. O seguinte poema conservado data do 22 de xuño de 1928, “A campana da miña igrexa” onde xa evidencia a súa querenza pola lírica popular, o seu coñecemento dos versos do pobo. En moitas biografías afirmase que ten publicado versos dende 1928 en xornais de Tui e Pontevedra, se ben, na actualidade, carecemos de referencias concretas que xustifiquen esta afirmación.

Ao non existir Instituto en Tui, Xosé María Álvarez Blázquez matricúlase en 1926 como alumno por libre no Instituto de Pontevedra. Aprobou a reválida en letras en setembro de 1931 e deseguido supera o exame de ingreso na Escuela Normal de Magisterio Primario de Pontevedra; estudos que remata satisfactoriamente en xuño de 1934, ficando quinto na “lista de mérito para a súa colocación provisional”.

Xosé María, pois, con 16 anos ao iniciar os seus estudos comeza a vivir na casa do seu tío e padriño Xerardo Álvarez Limeses. A estadia en Pontevedra será decisiva para a súa formación. A través do seu tío coñece a Alexandre Bóveda, noivo da súa curmá Amalia Álvarez Gallego, co que rapidamente simpatiza e que o levará á militancia nas Moedades Galeguistas, integrándose no grupo pontevedrés. Nun acto conmemorativo do aniversario dos mártires de Carral, Xosé María é encargado de realizar o discurso, logo editado co título de *Berro en lembranza dos heroes de Carral* (1934).

Grazas ao seu tío Xerardo conecta cun grupo de poetas, e xunto ao seu amigo Xoán Vidal Martínez funda a revista *Cristal*, da que saen dez números e na que colaboraron ata



Manuscrito do seu primeiro poema “Queixas”, 24 de decembro de 1927.



Portada do seu primeiro libro *Abril* (1932).

Serena, tranquila,
silenciosa, plácida,
la tarde se esfuma,
se aleja, se escapa...
Desde la Alameda,
tendida a sus plantas,
veo ensimismado
la grey que trabaja.
Serpentea el Miño
por la vega vasta
y la fecundiza
con sus tibias aguas.
El Aloya, altivo,
gallardo, se alza
ante el fértil valle
como una muralla.
¡Que misterios sabe,
que secretos guarda,
ese franciscano
de túnica parda!...

Paralelamente á súa estada pontevedresa na súa cidade natal Xosé María leva adiante tamén diversas actividades e, nomeadamente, os seus primeiros pasos no mundo da arqueoloxía. Nos anos 1933 e 1934, ao tempo que comeza o funcionamento do Instituto de Segunda Ensenanza tudense e, posiblemente, logo dunha visita que realiza ao centro educativo Álvaro de las Casas, profesor tamén no acabado de crear Instituto de Noia

55 escritores (dende Federico García Lorca a numerosos nomes galegos: Amado Carballo, Bouza Brey, Castelao, Losada Dieguez...). Nesta revista publica Xosé María doce poemas, que camiñan entre o neopopularismo e o hilozoísmo, e un texto en prosa. No ano 1932, con dezasete anos acabados de facer, publica en Pontevedra o seu primeiro libro de versos, en castelán: *Abril*, cun delicioso limiar do seu tío Xerardo e unha preciosa portada modernista de José de Castro Arines, tamén tudense, e cunha ilustración que rememora os xardíns da Media Lúa (hoxe de Troncoso) en Tui. No libro figuran poemas realizados entre 1929 e 1932, entre eles varios de temática tudense entre os que cómpre salientar o titulado “Tyde”:

e fundador do grupos xuvenís *Ultreya*, inicia na nosa cidade a actividade esta agrupación.

Os *Ultreyas* eran grupos de mozos de carácter nacionalista e ideados a semellanza doutros grupos europeos, especialmente os *Palestra de Cataluña* ou os *Mendigotxales* no País Vasco. Os *Ultreyas* medran baixo a acolledora sombra dos homes do Seminario de Estudos Galegos e o seu obxectivo era coñecer e amar Galicia, organizando visitas, excursións, viaxes culturais e docentes, conferencias, exposicións artísticas, etc.

O propio Álvaro de las Casas cita a conferencia impartida no Instituto de Tui en 1933 e, de seguro, que a súa presenza influiría decisivamente na creación da agrupación de *Ultreyas* de Tui. O animador deste grupo tudense será Manuel Fernández Costas (que dende 1947 usará o nome de Manuel Fernández-Valdés Costas). Nado en 1887 foi administrador de aduanas, membro do Seminario de Estudos Galegos, colaborador da revista *Nós* onde publica senllos artigos sobre o paleolítico nos anos 1929 e 1930, converténdose no máximo especialista galego neste período, cun alto coñecemento das investigacións europeas. Fernández Costas será o impulsor dos traballos destes mozos, estudantes de bacharelato ou de estudos superiores como é o caso de Xosé María Álvarez Blázquez. Nunha carta de 1963 o propio Xosé María chámalle

[...] mi inolvidable amigo, mi querido maestro que me enseñó a amar estas cosas de nuestra ciudad y que hubiese gozado conmigo al arrancar del misterio un trozo de ánfora romana.

A figura de Fernández Costas, logo cronista oficial da cidade, reclama unha investigación que nos achegue ao seu importante papel na cultura tudense ao longo de tantas décadas.

No primeiro número, de abril en 1935, da revista *Tude*, que editaban os alumnos do Instituto, figura unha noticia breve que avanza os traballos dos *Ultreyas*:

Para los primeros días del próximo mes de mayo se está organizando por el grupo *Ultreya* una gira de profesores y alumnos de este centro al Castro de Cabeza de Francos, con el fin de reanudar en él las excavaciones interrumpidas en los últimos meses.

Estas visitas arqueolóxicas ao xacemento de Pazos de Reis dirixidas por Manuel Fernández Costas están realizadas con poucos medios e moita ilusión e onde o mozo Xosé María traballa arreo:

En la primavera de 1933 un grupo de estudiantes tudense, capitaneados por el entusiasta y culto prehistoriador Don Manuel Fernández Costas, iniciamos los trabajos de excavación del castro, seducidos por su magnífica situación, su singular factura de atalaya y el hecho evidente de haber sido poblado, como lo mostraba su doble muralla posterior. El trabajo era penoso, más no contando apenas con aportaciones económicas habíamos de manejar nosotros la azada y el pico. En algunas ocasiones cuando el trabajo del desescombro se hacía pesado, el Sr. Fernández Costas, pagaba de su peculio particular el jornal

de uno o dos peones. Aquella primavera y el verano siguiente trabajamos con intensidad [...]. Durante el 1934 nuestro trabajo se limitó casi en exclusiva a la práctica de calicatas, que dieron por resultado conocer que la total superficie de la meseta había sido habitada. Otras veces exploramos las laderas y, en fin, no proseguimos la sistemática excavación, convencidos de que ello no estaba ya encomendado a nuestras flacas fuerzas, nuestro objetivo se limitara apenas a comprobar aquello que a simple vista se advertía [...]. Proseguimos aún durante el año 1935 la búsqueda superficial [...]. Pero al surgir la guerra española en 1936 aquel haz de estudiantes se desperdigó.

Directamente relacionadas coa actividade do grupo Ultreya son as pescudas de carácter arqueolóxico que realiza no Nadal de 1934 Xosé María Álvarez Blázquez en dous castros da Guía – Randufe, en concreto os xacementos de Cotarel e Bicavaca, publicando na revista *Tude* un breve diario das excavacións. Acompañaban a Álvarez Blázquez os mozos Ignacio Díz Rodríguez, Eloy Fernández Rodríguez e Alberto González Varela.

Unha nova cita, algo longa, do propio Xosé María, no traballo titulado “Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy”, explica outras das facianas deste labor arqueolóxico dos Ultreyas tudenses:

Durante las vacaciones estivales de 1933 y 1934 un grupo de entonces estudiantes del que formaba parte bajo la acertada dirección del distinguido prehistoriador don Manuel Fernández Costas, se empeñó en la búsqueda, a través de la comarca de Tuy, de útiles prehistóricos, con que nutrir un Museo que al efecto se organizó en el Instituto de 2^º Enseñanza de aquella ciudad. Aparte de las someras excavaciones en los castros de Cabeza de Francos y A Guía, nuestro objeto principal fué explorar las proximidades de los depósitos fluviales de cantos rodados, en busca de posibles instrumentos líticos, que esperábamos no faltarían en una zona tan fértil y bien definida como aquella y estimulados por la vecindad de las pródigas estaciones de La Guardia y Camposancos. Y, en efecto, recorriendo los caminos aldeanos, orientándonos especialmente hacia aquellos de pronunciada pendiente, fáciles al arrastre de las aguas invernales, hemos tenido la fortuna de reunir hasta un total de 61 instrumentos paleolíticos, todos ellos en cantos rodados de cuarcita, único material lítico apropiado existente en la zona.

Cómpre salientar, nunha pequena digresión, o feito de que Xosé María describa, anos despois, con detalle os traballos realizados pero prescinda en todo momento de identificar co nome propio o grupo dos Ultreyas; a censura do franquismo, a persecución política ao galeguismo explicarían un feito coma este.

Xosé María Álvarez Blázquez realiza estas actividades nas súas estadías vacacionais en Tui e logo no curso 1934-935 cando realiza as prácticas de Maxisterio na escola de nenos. Daquela xa era membro activo da Federación de Mocidades do Partido Galeguista e coma outros compañeiros militantes, por exemplo Francisco Fernández del Riego ou Xaime Illa Couto, participaba activamente nos grupos Ultreyas aínda logo das diverxencias políticas que xorden entre o partido e Álvaro de las Casas.

Pero o principal froito deste fecundo labor é a creación do Museo de Tui nunhas dependencias cedidas polo Concello de Tui ao grupo Ultreya no antigo convento de San

Domingos, onde estaba instalado o Instituto de Segunda Enseñanza. No semanario tudense *Tribuna* infórmase, en 1934, sobre este novo Museo:

Llega a nosotros la noticia de que esta agrupación local de jóvenes bajo la dirección de nuestro distinguido amigo Manuel Fernández Costas está organizando un notable museo de arte y prehistoria. En él figuran ya curiosos útiles de piedra de las edades prehistóricas recogidos en La Guardia y Tuy por esta entusiasta agrupación ávida de cultura y saber, que tan bien dice de nuestra ciudad. Su labor es hasta ahora desconocida del pueblo tudense, que muy en breve podrá admirar el fruto de sus constantes excursiones y excavaciones, que por diversos lugares de este distrito vienen llevando a cabo.

A descrición dos contidos deste Museo figura nun traballo ata agora inédito, editado no libro *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui*. Este inventario aproxímanos á importancia dos materiais, especialmente, de carácter arqueolóxico que este centro reuniu e organizou. Este Museo foi pechado cando o estoupido da Guerra Civil, ao ocupar as tropas militares as dependencias do Instituto no antigo convento de San Domingos. Posteriormente foron trasladados os materiais a un inmoble próximo. No ano 1937, Xosé María Álvarez Blázquez obtén permiso do alcalde tudense para revisar os materiais, comprobando que, pese á desaparición dunha parte, se conservaban daquela case integramente.

Los objetos contenidos en el Museo hubieron de ser trasladados a una ruinosa dependencia propiedad del Ayuntamiento. Autorizado amablemente por el Sr. Alcalde me hice cargo uno o dos años más tarde de aquello que era posible recuperar; el piso del local, lleno de agujeros que daban a un sótano insondable, se había tragado buena parte de las piezas hasta allí llevadas, pero aún así tuve la fortuna de recuperar la mayoría y también las más interesantes.

Sospeito que parte deses materiais foron devoltos aos seus propietarios, pois eran depósitos realizados ao Museo, e logo chegaron a outros museos da nosa zona como o Museo Municipal de Vigo Quiñones de León, ao que tantos desvelos entregou Xosé María Álvarez Blázquez, e onde hoxe podemos contemplar parte destes materiais doados polo propio Xosé María así coma no Museo Diocesano de Tui que exhibe outra escolma de fondos líticos entregados polo propio Álvarez Blázquez.

A personalidade de Xosé María Álvarez Blázquez e o seu traballo consolidáno naqueles derradeiros anos da II República como unha voz tudense autorizada e así comeza a colaborar habitualmente en xornais e revistas sobre temas tudenses: *Tribuna*, *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, etc. con artigos case sempre de corte histórico ou de opinión, pero que evidencian o importante papel que tiña recoñecido na nosa cidade.

No curso 1935-1936 vai destinado, nun primeiro momento, á escola graduada da Guarda e a inicios do 1936 asume a escola de nenos do barrio das Olivas, en Tui, moi preto da casa familiar do Rollo. Participará activamente, como el lembrará andando os anos, na campaña para o referendo de aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia, celebrado a finais do mes de xuño.

O estoupido da Guerra Civil trouxo á vida de Xosé María e á súa familia a moura e permanente sombra da traxedia, coma a tantas outras xentes... A resistencia de Tui ao Alzamento militar, dirixida por un Comité de Defensa da República do que forma parte o seu pai, só logra ser vencida o 26 de xullo comezando daquela unha terrible represión dos afectos á causa republicana. Darío Álvarez Limeses ingresa en prisión o mesmo 26 de xullo. O sufrimento e a dor da familia, e especialmente de Xosé María, aumenta grandemente cando saben a nova do asasinato do seu querido Alexandre Bóveda en agosto. Álvarez Limeses é sometido a un consello de guerra e é condenado a morte por ter prestado unha “plena y prefecta adhesión entusiasta y voluntaria a la rebelión militar comunista en España por los partidos políticos del Frente Popular”. A sentenza foi executada o 30 de outubro de 1936 e D. Darío morre fusilado, na Alameda tudense, xunto a outros cinco compañeiros: o médico Alejo Díz Jurado, o industrial Serafín Fernández Costas, o seu fillo Julio Fernández Fernández, Juan Felipe Muñoz e Manuel Domínguez León. Hoxe un monumento do escultor Silverio Rivas testemuña perennemente a memoria dos que sufriron a represión.

En novembro de 1936 é mobilizado e debe incorporarse ao servizo militar, que cumprirá ao longo de tres anos, sendo destinado aos servizos auxiliares de Intendencia (pois tiña librado do servizo militar por padecer miopía) no hospital militar de San Caetano, en Santiago de Compostela, onde primeiro traballa nunha oficina para continuar logo como enfermeiro, onde aplicaríase os coñecementos logrados na clínica paterna. Pola súa banda, o seu irmá Celso foi á fronte de Asturias, onde enfermará, polas condicións nas que vivían, dunha tuberculose pulmonar que o levará á morte en 1941.

Paralelamente, Xosé María é sometido a un expediente depurador como mestre. Formúlanlle cargos por: militancia en organizacións afectas á República, nacionalista/separatista e actitudes contrarias á “Causa Nacional”. Aínda que un primeiro expediente parece paralizado polos informes positivos do reitor da Universidade de Santiago (onde se matriculara por libre en Filosofía e Letras en 1936, aínda que logo non se presentará aos exames de xuño nin de setembro, será en xuño de 1939 cando aprobe as materias do primeiro curso sen que posteriormente continúe os estudos universitarios), en decembro de 1936 resólvese o expediente depurador: suspensión temporal de emprego e soldo por seis meses, traslado fóra da rexión e inhabilitación para o desempeño de cargos directivos.

Cando no 1939-1940 se incorpore de novo ao maxisterio non poderá ocupar a praza que lle correspondía, dende 1936, en Coia (Vigo) e é desterrado como mestre ao pobo de Coreses (Zamora).

A traxedia familiar, incrementada coa morte de Celso, vai acompañada dun ambiente certamente duro que nunha pequena cidade coma Tui resulta especialmente opresivo; mesmo a familia será sancionada cunha multa de 2.500 pesetas (unha fortuna daquela) por ter falado mal do “Glorioso Alzamiento Nacional”. A familia vive dos ingresos de Darío, o fillo maior, médico en exercicio dende 1932, casado coa tudense Carmiña Gándara. Este trasladarase a Vigo onde monta unha pequena clínica e leva consigo á súa

nai e aos seus irmáns, que deixan Tui o 21 de abril de 1941, vendendo aos herdeiros de Serafín Fernández Costas, compañeiro nas ilusións republicanas e na morte, a casa do Rollo, “a vella casa ao corazón aberto”.

En 1942 Xosé María solicita a excedencia voluntaria, deixa Coreses e trasládase a Vigo coa súa familia. Inicia logo unha nova e fecunda xeira na súa vida, que non é o obxecto deste traballo. Unicamente salientar que Tui seguirá sendo unha referencia vital irrenunciable na vida da familia e na traxectoria de Xosé María Álvarez Blázquez.

2.- AS SÚAS ACHEGAS SOBRE TUI

Na prolífica obra de Xosé María Álvarez Blázquez, tanto a publicada como a que estaba inédita ata este ano, hai un significativo número de estudos e traballos referidos a Tui e a súa bisbarra que evidencia as súas raizames, ás que nunca renunciou. Sinalaremos a continuación catro liñas de traballo vencelladas de xeito directo coa súa cidade natal:

a) A creación e a investigación literaria:

A casa do Rollo tiña unha boa biblioteca que o pequeno Xosé María emprega con asiduidade, pero xa con criterio, coma cando sinala no xa citado “Inquerito” (1936) a súa afección dende neno pola poesía engadindo que dende os dez anos compón versos ininterrompidamente

A influencia do ambiente familiar, e nomeadamente da súa nai, a súa sensibilidade, a súa capacidade creativa agroman precozmente. Conservamos hoxe o que temos como o seu primeiro poema “Queixas” datado en Tui no 24 de decembro de 1927, cando Xosé María contaba con doce anos de idade! Consérvase outro poema infantil, asinado en Tui o 22 de xuño de 1928, que evidencia novamente a precocidade deste neno de trece anos, pois desta volta o poema amosa xa unha constante da obra de Xosé María Álvarez Blázquez, a súa querenza pola lírica popular, polos versos do pobo. Titúlase, como xa apuntamos anteriormente, este poemíña “A Campana da miña igrexa”.

Xa en Pontevedra, pero precozmente, en 1932, publica o seu poemario *Abril*, no que figuran os poemas “Tyde”, “Vesper” e outros versos que reflicten a presenza tudense, das súas xentes e paisaxes. Nese mesmo ano, 1932, Xosé María inicia outra aventura literaria neste caso a fundación xunto ao seu amigo Xoán Vidal Martínez da revista literaria *Cristal*. Nela publica doce poemas e un texto breve en prosa. No número 2 publica o seu primeiro texto literario en galego “O merlo poeta” e, cómpre non esquecer, pola súa calidade, o publicado en 1933 “Inmensidade”, dedicado aos mariñeiros da Moureira pontevedresa. No número 7 publica Xosé María uns sinxelos versos, de raizames populares, titulados “Semblanzas de santos” que encabeza cos seguintes:

San Pedro González Telmo:
caballero de los mares
sin armadura ni yelmo.



Xosé María Álvarez Blázquez nos xardíns da Media Luna de Tui. Tomada da páxina web de Celso Alvarez Cáccamo, <http://www.udc.es/dep/lx/cac>

Paralelamente publica noutros xornais e revistas varias pezas de creación como o poema titulado “Emigrantes” en *El Pueblo Gallego* en 1934 ou o relatoño “Envexas” publicado no semanario tudense *Tribuna* en 1933.

Cómpre salientar que a capacidade literaria de Xosé María Álvarez Blázquez quedou patente cando, en 1945, logra coa súa novela *En el pueblo hay caras nuevas* quedar como finalista na primeira edición do Premio Nadal que gañou Carmen Laforet con *Nada*. Transcorridos os anos, o propio Xosé María Álvarez Blázquez converterá a cidade de Tui en protagonista principal dalgunha das súas obras de creación, singularmente de *Las estatuas no hablan* (1955), cuxa acción transcorre en Valmiñán pero que calquera lector pode identificar doadamente con Tui: a descrición da paisaxe, das vellas rúas, mesmo das personaxes dunha poboación que, en boa parte, vivía do contrabando... unha referencia constante á cidade episcopal.

Nas páxinas desta novela os tudenses atopamos nomes, xentes, lugares, vivencias... que resultan enormemente familiares, unha descrición da vida –repousada para uns, tediosa para outros– da tradicional cidade miñota. A ironía é sempre unha constante nesta obra certamente engaiolante.

Tamén no mesmo ano, 1955, publica *Crecen las aguas*, que logra o premio de novela “Pérez Galdós”, que se desenvolve nos arredores de Tui, na bisbarra do Baixo Miño, cunha entrañable descrición da paisaxe miñota. Tamén haberá referencias a esta terra no seu libro *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971).

Podemos destacar como tamén na súa obra poética *Cancioeiro de Monfero*, editada en 1953, figura un poema dedicado á romaría de San Xoán Terson, que se celebraba na igre-

xa de San Xoán do Porto, no extramuros tudense, que el atribúe ao trobeiro tamén tudense Golparro:

Outra das cantigas anónimas, aquela fermosa de amigo con que remata o manuscrito, e na que o trobeiro matina que a nomorada vai á romería de San Treeçon a se bañar no río, sitúanos, axiña de finada a lectura, no camiño do autor. Pra min, ten de ser o xograr Golparro, deica agora coñecido por unha senlleira cantiga do mesmo feitío, onde fai enmenta da romaxe de aquil santo. Sabido é que a ermida de San Treeçom, ou Tirso, era a que no século XIII ocupaba o lugar que logo tivo a de San Xohán do Porto, nos arrabaldos de Tui, e precisamente á beira do Miño. A vecindade da ermida e do río, xa de primeira feita patente nista nova composición, vén dar a meirande seguranza á localización que se tiña postulado. Golparro, cuio alcuñe de gran raposo desdídese da súa non rouba inspiración, sería cicais nado en Tui, a carón da famosa ermida e do río que canta. Unha íntima convinción díceme que o autor dista cantiga é tudense; ninguén me poderá afastar dela.

Dado o seu coñecemento da historia da nosa literatura é significativo o seu traballíño, conservado mecanografado no seu arquivo ata este ano, titulado “Don Fernando Arias, obispo de Tuy ¿fue trovador?”, asinado no ano 1949 no que analiza o papel que este bispo desenvolveu na corte lusitana de D. Dinis.

Xosé María Álvarez Blázquez polo seu traballo na librería anticuaria Monterrey coma polas súas pescudas na historia da literatura de Galicia posuía un amplo coñecemento dos nosos escritores. Tampouco nesta materia foi allea a cidade tudense. Así publica no Suplemento dos sábados do vespertino compostelán *La Noche*, entre outras colaboracións, unha serie de catro traballíños agrupados baixo a denominación de “Tuy en la novela” onde analiza a presenza da cidade miñota en diversas obras literarias de autores como Leopoldo Martínez Padín, Teodosio Vesteiro Torres, Benito Vicetto, Camilo Bargiela, Mauricio Bracarisse ou o Dr. López de la Vega:

Los pueblos viejos, los que tienen historia, suelen tener también su novela. Santiago, Tuy, Monforte ofrecen al escritor los rasgos firmes de sus fisonomías acusadas, que el tiempo ha ido dibujando con duros trazos de piedra [...]. Son los pueblos como las gentes; y ser pueblo del montón equivale a renunciar, como las gentes anodinas, al canto de los poetas y al doloroso análisis de los novelistas. También las ciudades y las villas pueden ser ‘todo un carácter’, con recia psicología que los singularice o perderse desdibujados en el triste anonimato de la masa. Santiago, Tuy, Monforte, son pueblos de aquellos, y es grato ir recontando las evocativas páginas donde el latido urbano ha quedado preso a través de la pluma de los novelistas.

E así dedica esta xeira de catro artigos (e algún máis anunciado e nunca publicado) a documentar a presenza de Tui na literatura. Artigos cheos de erudición e coñecemento dos recunchos da historia literaria de Galicia. En concreto son os seguintes:

—“Tuy en la novela (I). Los precursores” (15 de outubro de 1949), onde trata do libríño *Suspiros del corazón* (1845) de Leopoldo Martínez Padín no que figura o relato histórico “La tea de la discordia”, sobre as liortas de Witiza en Tui, e outros dous relatos publicados en 1878 nun folletón no xornal vigués *La Concordia*, o primeiro de Teo-

dosio Vesteiro Torres sobre Pedro Madruga e o outro de Benito Vicetto titulado “Floralba”.

—“Un hombre del 98. Camilo Bargiela, novelista de Tuy” (12 de novembro de 1949) no que analiza o conto “Pavesas” do libro *Luciérnagas* (1900).

—“Tuy en la novela. El romántico Dr. López de la Vega” (3 de decembro de 1949) dedicado á novela *La perla del valle* que este autor publicou como folletón no xornal coruñés *El Comercio Gallego* en 1877.

—“Tuy en la novela. “Las tinieblas floridas” de Mauricio Bocarisse” (18 de decembro de 1949) e que era a primeira parte dun artigo mecanografado, e incompleto, que se conserva no seu arquivo e titulado “Tuy en la novela. IV los contemporáneos”. Fala do libro *Como nace el amor* publicado por Luciano de Provenza, que el identifica con Mauricio Bacarisse erroneamente pois trátase de Manuel Domínguez Benavides (Ponteareas, 1895 – México, 1947), que tamén fala de Tui noutras das súas novelas.

Finalmente cómpre apuntar que Xosé María Álvarez Blázquez emprega o pseudónimo de “Pepe do Rollo” sobre todo para asinar diversos epigramas que edita no libro *Sal e pementa, escolma de epigramas* publicado en 1968 na colección O Moucho. No seu sobrenome atopamos noutra oportunidade unha referencia tudense, emprega o topónimo do emprazamento da casa familiar tudense do arrabalde do Rollo para asinar estes poemiñas satíricos, que na recente edición da súa *Poesía completa*, en 2008, podemos coñecer na súa integridade.

b)- O labor arqueolóxico:

Anteriormente xa enunciámos o labor arqueolóxico de Xosé María Álvarez Blázquez dirixido por Manuel Fernández Costas e realizado co grupo de rapaces Ultreyas de Tui. Froito deste traballo de pescuda e investigación son diversos artigos e traballos que describen as diversas campañas de escavacións e/ou prospeccións realizadas no territorio tudense e a súa bisbara. Cronoloxicamente son:

—“Rexistro do Museo de Tui: campaña 1933-34 - Tomo III, Campaña 1934-35, tomo IV”. Manuscrito inédito ata este ano e publicado no libro *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui*:

Un fato de mozos e mozas “Ultreyas”, ás ordes do mestre D. Manuel Fernández Costas, rubimos unha serán ao Monte de Cabeza de Francos, c-unha eixada na man i-un pouco de romanticismo no miolo. Ao empardecer baixamos cos petos ateigados de tesos de barro. De entón para adiante os nosos folgos, remataban no castro, i-o segredo do castro remataba en nos. D-iste xeito fumos faguendo una morea de materiais recollidos, que era perciso organizare i-eispoñer. E entón xermolou a idea de un museo, no que xa se tiña matinado e onde se ofresceran, non soilo aquiles ouxetos apañados no Castro, senón tamén todo o que fora merescedor de tal honra.

O Claustro do noso Instituto, sempre aberto e cobexento, ofresceunos local e mobles i-o Concello d’entón deunos dous centos de pesetas. I-eisí temos vivido un ano. Agora ollade o que se ten feito e decide dimpois se o noso “Museo” non merezce unha axuda que ninguén debía de lle refugar.

Nas páxinas seguinte realiza un minucioso traballo de descrición dos obxectos integrantes deste museo procedentes especialmente do xacemento de Cabeza de Francos, das pescudas polas terrazas fluviais do Miño e doutras achegas vencelladas, na súa gran maioría, a Tui:

A coleizon de asturiense do “Museo de Tuy” e sen dúbida a máis intresante de Hespaña, pois aínda na mesma Guardia se non teñen recollido no “Museo” pezas tan características nin en tan outo número a mais que ali adoecen de falla de crasificación. N-isto a man do devandito Sr. F. Costas ten feito todo.

O Museo enriquecíase especialmente cos materiais procedentes dos traballos de investigación daqueles mozos ilusionados polo descubrimento da terra, con todo ao medraren en idade e ocupacións o crecemento do museo reséntese:

Fechado o primeiro rexistro do noso Museo na data de 24 de Nadal de 1934, compre agora ao cabo de un ano rexistrare os seus progresos na campaña de 1934-1935. Pouco, certamente, é o que hoxe imos anotar, pois espallados pol-a terra adiante a maioría dos que traballamos na súa orgaizazón, non poidemos ista anada facer como o devanceiro unha boa colleita. Nen embargantes, aínda algunha cousa medrou o noso Museo, e a leda esperanza de o levar a un termo que encha os nosos degaros, danos azos e empres-tanos forzas.

O inicio da guerra, como quedou apuntado anteriormente, botara por terra todo este proxecto certamente novidoso na nosa cidade.

—“Castro de A Guía” (1935) na revista *Tude* do Instituto de Segunda Enseñanza, onde relata as prospeccións efectuadas en senllas xornadas nos xacementos de Cotarel e Bicavaca, inspeccionando o terreo, recollendo materiais e procurando testemuñas na tradición popular:

Unha serán d-iste inverno fúmos aló [...] Igancio Diz Rodríguez, Eloy Fernández Rodríguez e máis eu. Cuns picos e uns sachos dispuñámonos a viral-o monte de patas ao ar [...]

O resultado das pescudas non é abondoso pero fica descrito neste artigo.

—“El Castro de Cabeza de Francos”, datado en 1948, ata agora inédito e publicado no libro *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui* no que realiza unha achega aos traballos desenvolvidos naquel xacemento polos Ultreyas cun inventario dos materiais atopados, logo depositados no Museo e que tras a súa desaparición, “me eregí en custodio de los objetos de Cabeza de Francos y gracias a ello me es posible hoy ofrecer esta noticia que, la verdad, llega con quince años de retraso”. Tras a descrición minuciosa dos materiais conclúe:

Por su posición avanzada e inexpugnabile ante una vega feraz, el Castro de Cabeza de Francos debió haber sido habitado desde muy remotas épocas. Los hallazgos de instrumentos líticos tallados en toda la comarca de Tuy demuestran su antigua población. Francos era un lugar ideal de habitación a resguardo de toda amenaza y también a cubierto de las frecuentes avenidas del Miño.

El falo de granito hallado a media altura en la falda del monte, constituye un precioso dato para su catalogación. Pero Francos no pudo sustraerse al destino de la mayoría de los castros gallegos: fue romanizado; si no bastasen otros datos lo demuestran la moneda allí encontrada y también el fragmento de esenciero de vidrio. Podemos incluso afirmar que es un castro muy romanizado, porque sus excepcionales condiciones le habrán en sido en campamento largamente.

Algo hay, no obstante, digno de ser advertido. El original dibujo de las palmas y las cruces, que parece alcanzar una época posterior. Apuntemos solo tres datos: el nombre del castro, Cabeza de Francos; su inmediata proximidad a Pazos de Reis, donde la tradición señala el emplazamiento del palacio de Witiza, y, en fin, la autorizada opinión del Sr. Mergelina que, en ocasión de visitar el castro, hizo observar el carácter bárbaro de aquel curioso dibujo de las palmas y las cruces.

Todo hace aconsejable un urgente y sistemático estudio del castro, una excavación inteligente y demorada, que nos permita desentrañar los muchos misterios que creemos atesora.

—“Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy” en colaboración con Fermín Bouza-Brey, publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* de 1949, e no que realiza un inventario dos materiais recollidos nos anos da II República e posteriormente nas terrazas fluviais do Baixo Miño e posteriormente unha análise pormenorizada dos atopados na zona de Tui. É un traballo notable o que realizan ambos os autores pois adoptando a metodoloxía de Breuil e Zbyszewski para o paleolítico portugués realizan unha tentativa de datar cronoloxicamente estes materiais líticos

Una rápida ojeada al mapa del municipio de Tuy nos revela la equilibrada distribución de los hallazgos, hasta el punto de que no hay apenas parroquia donde no se registre alguno. No obstante, se presta a consideraciones el hecho de que la mayor densidad corresponda a los lugares cercanos a la orilla del río (Santa Eufemia, San Bartolomé, A Eiriña, As Bornetas, etc.), mientras otras estaciones importantes como A Bouza y O Marquiño, se hallan a las faldas mismas del Aloya o sus estribaciones. [...] Pueden así mismo apreciarse las localizaciones en plano descendente, desde las estribaciones montañosas –altas terrazas–, hasta las mismas márgenes de los ríos Miño y Louro –bajas terrazas–, correspondiendo a los puntos intermedios, la proximidad de las terrazas medias. [...] En la margen derecha del río Miño, y a la altura de Tuy, tienen representación las industrias del paleolítico inferior (Acheulense y Camposanquiense) hasta ahora descubiertas en la orilla portuguesa. Los hallazgos de una y otra margen confirman la unidad de culturas paleolíticas en el bajo Miño y en este sentido conendrá dirigir los futuros estudios.

Unha continuidade deste traballo foi “Industrias paleolíticas do Baixo Miño” (concellos da Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)” publicado en Porto en 1953-54 no que continúan afondando ambos os autores na investigación sobre os materiais atopados nesta bisbarra. Cómpre lembrar como colaboradores na laboura de prospección a Pedro Díaz Álvarez (tudense, alumno do Instituto e daquela mestre nas Eiras, e logo destacado investigador do noso pasado máis remoto), o seu sobriño Silvino Díaz Paz, Eliseo Alonso Rodríguez, “notable poeta”, e o pintor de Goián, Antonio Fernández.

c) As achegas de investigación etnográfica:

A etnografía foi tamén unha preocupación na súa obra, seguro que a influencia de Manuel Fernández Costas non foi pouca xa que el tamén traballou e publicou sobre esta materia. A investigación arqueolóxica atopou sempre na etnografía e no folclore unha ferramenta básica, que en Xosé María se vencella á súa querenza, dende neno, pola literatura popular, polas cantigas do pobo.

Froito dese interese é un manuscrito de xaneiro de 1935 inédito ata este ano titulado “Algunhas verbas sen recoller da comarca de Tui”, no que inventaria 87 palabras, coa súa descrición, centradas especialmente nos xogos infantís. Completa este labor coa publicación en Portugal dun traballo sobre “Os tratos dos nenos na bisbarra de Tui” de 1959, que está en relación directa con outros traballos xa publicados por Manuel Fernández Costas

É preciso resaltar tamén como a súa obra *Las romerías gallegas* encargada e editada polo Centro Galego de Bos Aires contén unha ampla descrición das características das festas populares de Galicia, exemplificado neste caso na romaría do monte Aloia tudense, concretamente a de Nosa Señora das Angustias no primeiro domingo de xullo. Xa o libro está dedicado “a la venerada memoria de mis padres” e podemos atopar nas súas páxinas parágrafos coma o seguinte:

Y llegan por todos los caminos las procesiones parroquiales. Tras la Cruz y el pendón, el sacerdote resopla cánticos piadosos que el pueblo corea; se adivinan las risas de la mocedad entre las inarmonías del canto. Como en el mundo todo camino tiene su encrucijada, a veces coinciden en el camino dos procesiones de distintos lugares. Cuando esto sucede detiéndense ambas al avistarse, y los portadores de los pendones avanzan graves, para abatir por tres veces sus enseñas en mutuo ofrecimiento de ritual respeto. Después prosiguen aunadas la ascensión y el redoblado coro se acerca a la cima, serpenteando entre regatos, perdiéndose a trechos bajo la fronda de los pinares y robledas. El observador experimentado puede ir nombrando las comitivas desde la cúspide, con solo girar la vista a la redonda: Malvas, Pexegueiro, Tebra, Randufe, Vincios, Mougás [...]


d) Traballos de investigación histórica:

Xa nun artigo xornalístico en *El Pueblo Gallego* titulado “Índice” e publicado en xullo de 1936 amosa a súa preocupación polo coñecemento da historia tudense, a súa difusión e valorización reclamando a edición de catro manuscritos sobre a historia da cidade que “hoy duermen la siesta del abandono en los archivos de Tui”. Señala, en concreto, a historia de Avila y Lacueva, hoxe felizmente editada, pero aínda agardamos que as obras de Antonino Cerviño (*El cerco de Tui* e *Hijos ilustres de Tui*) e Xosé María Ruybal (*Apuntes sobre la Guerra de la Independencia en Tui*) esperten daquela sesta “y digo siesta, –engadía–, porque me resisto a pensar en una noche ártica de olvido, helada e interminable.”

Unha importante achega á historia tudense foi a edición, en 1958, das “Memorias de un menestral curioso” manuscrito das memorias de Pedro Santos Fernández, un artesán tudense, que ilustra a historia da cidade no tránsito entre os séculos XVIII e XIX:

Todo hiere la espabilada sensibilidad del tejedor tudense Pedro Santos Fernández, quien en lenguaje vivo y sencillo –como quien escribe para su propio contentamiento– nos da una estupenda visión demótica del latido vital de Tuy entre 1777 y 1826. Una página cualquiera de este curioso manuscrito, aún aquello de más intrascendente apariencia, encierra mayor suma de verdad histórica que muchas historias de verdad [...]. La historia desde arriba, resulta una de las más torpes posturas que el hombre pudo adoptar para estudiarse. A ese historiador con título jamás se le ocurriría decirnos a cómo corría el “cabazo” de vino o el “ferrado” de maíz de determinada sazón, ni tampoco parará mientes en consignar el luctuoso suceso acaecido en las aguas traidoras del río. Y, sin embargo, la vida está hecha con tales ingredientes, que la historia no puede ignorar.

Un documento lamentablemente desaparecido na actualidade e que coñecemos grazas ao traballo de Álvarez Blázquez e “a la gentileza de la señora viuda de D. Joaquín Senra –veciña súa no arrabalde do Rollo– debemos la posibilidad de haber transcrito el Libro de memorias de Pedro Santos Fernández”.



Cartel oficial do Ano Xosé María Álvarez Blázquez editado polo Concello de Tui.

Al publicarlos ahora no quitamos ni ponemos tilde, pero ayudamos a la comprensión del texto con algunas notas que hemos juzgado oportunas. Otros sabrán extraer de aquellas páginas el sabroso jugo histórico que sin duda contienen, cuando, de una sentada, degusten la exquisita gama de sabores que guarda esta sencilla prosa de buen paladar.

As notas desta transcripción son unha importante obra de erudición e de coñecemento da historia de Tui. Cabe salientar como nunha das notas o noso autor lle dá carta de autenticidade ao “troveiro tudense Golparro”, que tiña creado no seu *Cancioeiro de Monfero*.

Un anticipo destas memorias foron unhas décimas publicadas nun artigo en *El Pueblo Gallego* en 1949, titulado “Honra y hacienda...”.

Cómpre, finalmente, lembrar outra interesante achega de carácter histórico. Xosé María Álvarez Blázquez foi responsable de que Antón Alonso Ríos, o vello deputado agrarista do Baixo Miño exiliado en Buenos Aires, redactase as súas memorias publicadas logo por edicións

Castrelos en 1979 co título de *O Señor Afranio, ou cómo me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido* co prólogo e as notas do propio editor. Especialmente estas notas fornecen moi interesantes datos sobre a época da República e a Guerra Civil que o propio Xosé María coñeceu persoalmente.

Destacamos, tamén, como no arquivo familiar existe material para outros traballos relacionados con Tui que non foron publicados: sobre Camilo Bargiela, os poetas de *El Eco del Miño*, etc. Non esquezamos o que o mesmo Xosé María escribiu no xa mencionado “Inquérito”:

Proieictos infinitos. Xeito de traballo, deslabazado, como todo eu. Non teño aínda plan trazado, porque unha vez que o fixen dimpois xurdiu o contrario. Eisi, déixome levar pol-as circunstancias e van xurdindo as cousas asegún o tempo quer.

As numerosas follas manuscritas que se conservan, os numerosos papeis, recollidos aquí e acolá, sobre Tui e mil temas galegos máis acreditan a capacidade de traballo do noso autor e como é precisa unha análise devagar desta documentación que ofrecerá novas sorpresas para todos os tudenses.

Por último, cómpre mencionar dous discursos pronunciados en Tui. O primeiro realizado no salón de actos do Seminario tudense no decurso do acto que a Real Academia Galega organizou en Tui co gallo da dedicación a Manuel Lago González, o arcebispo Lago, do Día Das Letras Galegas de 1973. E finalmente o pregón das festas de San Telmo de 1979 pronunciado cando a democracia fora recuperada na vida municipal, un pregón en forma de poema, cheo de graza, elegancia e ironía.

CONCLUSIÓN

Esta apresurada achega ás contribucións dos Álvarez permítenos calibrar a medida da súa querenza por Tui, o seu corazón xeneroso que todos tiñan cara a esta cidade e as súas xentes... un corazón aberto na casa familiar do Rollo e que irradiaba a diversos ámbitos da nosa sociedade. Pero un corazón que en outubro do 1936 é rachado, aberto, polos disparos do pelotón de fusilamento do seu pai e os seus compañeiros na alameda tudense. Aquel corazón agora aberto pola violencia fratricida manará sangue, sufrimento e senazón... que non serán abondo para que, no futuro, continúe ofrecendo froitos de sensibilidade poética, de investigación, de ilusión colectiva pola construción da nosa cultura e do noso país. Esta dupla realidade acompañará dende aquel infausto 1936 a relación dos Álvarez con Tui, aos que neste ano 2008 que agora remata tentamos recuperar e dignificar para a memoria colectiva desta cidade.

BIBLIOGRAFÍA “TUDENSE” DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

- Álvarez Blázquez, Xosé María (1932): *Abril. Poemias de José María Álvarez Blázquez*. Pontevedra: Imprenta de Julio Antúnez.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1933): “Rexistro do Museo de Tui. Campaña 1933-34 e campaña 1934-35”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui. Da vella casa ao corazón aberto*. Tui: Concello de Tui, pp. 51-65.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1935): “Algunhas verbas sen recoller da comarca de Tui. O léxico dos nenos no Baixo Miño”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 77-82.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1935): “Castro de A Guía”, *Tude*, ano II, núm. 2-3, maio-xuño, pp. 6-7.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1936): “Tuy, Índice”, *El Pueblo Gallego*, xoves 6 de xullo, p. 13.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1948): “El Castro de Cabeza de Francos”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 87-95.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Don Fernando Arias, obispo de Tuy ¿fue trovador?”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 97-102.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Tuy en la novela (I). Los precursores”, *La Noche. Suplemento del sábado*, 15 de outubro. Reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1996.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Un hombre del 98. Camilo Bargiela, novelista de Tuy”, *La Noche. Suplemento del sábado*, 12 de novembro. Reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1996.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Tuy en la novela. El romántico Dr. López de la Vega”, *La Noche. Suplemento del sábado*, 3 de decembro. Reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1996.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Tuy en la novela. “Las tinieblas floridas” de Mauricio Bocarisse”, *La Noche. Suplemento del sábado*, 18 de decembro. Reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1996.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1933): “Tuy en la novela. IV Los contemporáneos”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 119-124.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* IV, pp. 202-250 [en colaboración con Fermín Bouza-Brey].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1949): “Honra y hacienda, una estampa de Tuy en el siglo XVIII”, *El Pueblo Gallego*, 1 de abril, p. 7.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1951): “Romerías gallegas”, Centro Gallego de Bos Aires [con fotografías de Bene (Benedicto Conde)].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1952): “Industrias paleolíticas do Baixo Miño (Concellos de A Guardia, O Rosal, Tomiño e Oya)”, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* XIV, 1-2, Porto: Sociedade Portuguesa de Antropologia e Etnologia, pp. 5-65 [en colaboración con Fermín Bouza Brey].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1954): *Cancioneiro de Monfero. Edición e limiar de Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo: Edicións Monterrey.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1955): *Las estatuas no hablan*. Burgos: Ediciones Aldecoa.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1956): *Creceñ as augas*. Palencia: Editorial Sígueme. Edición en galego: *Enchen as augas*. Vigo: Ir Indo, 1995.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1956): “Camilo Bargiela, novelista de Tuy”, *Galicia Emigrante* 19, marzo-abril, Bos Aires. Reedición facsimilar en Edicións do Castro, 1994.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1958): “Memorias de un menestral curioso (Tuy, 1777-1826)”, *El Museo de Pontevedra*, XIII, Pontevedra, pp. 61-102 [edición, prólogo e notas de Xosé María Álvarez Blázquez].
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1959): “Os tratos dos nenos na bisbarra de Tui”, in *Actas do Colóquio de Estudos Etnográficos Dr. Leite de Vasconcelos*, Porto, pp. 291-297. Figura tamén en Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 125-133.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1960): *La ciudad y los días. Calendario histórico de Vigo*. Vigo: Ediciones Monterrey.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1963): “Carta a un amigo que ya no está”, in Sánchez Bargiela, Rafael (2008): *Op. Cit.*, pp. 51-65.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1968): *Sal e pementa. Escolma de epigramas*. Vigo: Ed. Castrelos [Colección O Moucho].

Álvarez Blázquez, Xosé María (1979): Prólogo e notas en Alonso Ríos, Antón, *O señor Afranio, ou cómo me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido*. Vigo: Edicións Castrelos. Reedición con limiar de Beito Alonso en Vigo: A Nosa Terra, 1996.

Álvarez Blázquez, Xosé María (1979): “Pregón en xeito de Aleluia, adicado ao noso patrón San Telmo, con todo miramento”, en *Programa Fiestas de San Telmo*, Tui.

BIBLIOGRAFÍA

Acuña Trabazo, A. (2005-2006): “Voz e memoria: correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé M^a Álvarez Blázquez”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 8 e 9.

Alonso Ríos, Antón (1996): *O señor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte Memorias dun fuxido*. Vigo: A Nosa Terra [Prólogo e notas de Xosé María Álvarez Blázquez. Limiar de Beito Alonso].

Álvarez Blázquez, Darío (1975): “Historias de la retaguardia nacionalista”, *Historia y vida* 83, pp. 23-26.

Álvarez Blázquez, Emilio (1987): “Epílogo” in Álvarez Blázquez, Xosé María: *Poesía galega completa*. Vigo: Xerais [Limiar e edición de Xavier Rodríguez Baixeras]. Hai unha reedición ampliada de 2007.

Álvarez Blázquez, Xosé María (1992): *Alexandro Bóveda*. Vigo: Ir Indo.

Álvarez Blázquez, Xosé María (1995): *Sonetos del alba insomne, 1955-1960*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Álvarez Blázquez, Xosé María (1987): *Poesía galega completa*. Vigo: Xerais [Limiar e edición de Xavier Rodríguez Baixeras]. Hai unha nova edición ampliada de 2007.

Álvarez Cáccamo, Alfonso (1994): *Galegos na Historia: Xosé María Álvarez Blázquez*. Vigo: Ir Indo.

Álvarez Cáccamo, Xosé María (2006): *Memoria de poeta*. Vigo: Galaxia.

Álvarez Cáccamo, Xosé María (2008): *Tempo do pai*. Vigo: Galaxia.

Bernárdez, Carlos L. (2008): *Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez. Escolma de textos*. Vigo: Galaxia.

Cabana, Darío Xohán (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*. Vigo: Xerais.

Cela, Camilo José (1959): *La cucaña. Memorias de Camilo José Cela. Tranco primeiro. Infancia dorada, pubertad siniestra, primera juventud. Libro primero. La Rosa*. Barcelona: Destino.

Cerecedo, Francisco (1977): “Cuando la sangre llegó al Miño. La guerra civil en Tuy”, *Historia* 16, ano II, 19. (novembro).

Díaz Álvarez, Pedro (1986): *En Tui llueve diferente*. Tui: Concello de Tui.

Díaz Álvarez, Pedro (1998): *En Tui llueve diferente. Lembranzas de Tui*. Tui: Concello de Tui.

González Pérez, Clodio (2007): *Xosé María Álvarez Blázquez 1915-1985*. Noia: Toxosoutos.

Méndez Quintas, Eduardo (coord.) (2008): *Escritos sobre arqueoloxía de Xosé María Álvarez Blázquez: Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez (I)*. Gondomar: Instituto de Estudios Miñoranos, 293 pp.

Pousa Ortega, Helena e Marga Romero Lorenzo do Val (2005): “Vale do Minho. O Baixo Miño”, in *Letras de fronteira do val do Miño transfronteirizo*. [Vigo: Galaxia].

Porto Ucha, Anxo Serafín (2003): *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Ponteareas: Alén Miño Edicións, 299 pp.

Porto Ucha, Anxo Serafín (2006): “A depuración do maxisterio no Baixo Miño (e II): concello de Tomiño e Tui”, *A Peneira*, setembro, pp. 8-9.

Sánchez Bargiela, Rafael (2006): “Os ultreias tudenses”, *Faro de Vigo: Suplemento Baixo Miño / Louriña*, 29 de xullo.

Sánchez Bargiela, Rafael (2008): “Cantarela nova a Xosé María Álvarez Blázquez, persoeiro do Día das Letras”, *Faro de Vigo: Suplemento Entre Ríos*, 8 de febreiro.

Sánchez Bargiela, Rafael (2008): “Xosé María Álvarez Blázquez, pregoeiro de San Telmo”, *Faro de Vigo: Suplemento Festas de San Telmo*, 29 de marzo.

Sánchez Bargiela, Rafael (2008): “Xosé María Álvarez Blázquez, investigador arqueolóxico polo Baixo Miño”, *A Peneira*, maio (2^a quincena), pp. 10-11.

Sánchez Bargiela, Rafael (2008): “Abril, primeiro poemario de Xosé María Álvarez Blázquez ilustrado polo tudense José de Castro Arines”, *Fiestas de San Telmo 2008*.

Sánchez Bargiela, Rafael (2008): “Algunhas reflexións tudenses de Xosé María Álvarez Blázquez”, *Mostra Filatélica Día das Letras Galegas*, 16-20 de maio, pp. 47-49.

Sánchez Bargiela, R. (2008): *Xosé María Álvarez Blázquez e Tui. Da vella casa ao corazón aberto*. Tui: Concello de Tui, 154 pp.